

O NADAL



XLVII

certame
de
xornalismo

certame
de
poesía



Declarado de interese turístico galego pola Xunta de Galicia (D.O.G. 4-11-2014)

XLVII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 150-2023

XLVII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL



EGERIA →

//ABANCA



ARREDOR DO NADAL

Grazas a todos, e ata sempre!

Este camiñar polos noventa anos proporcioname en primeiro lugar a necesidade de dar moitas grazas a Deus por permitirme chegar a estas alturas do tempo, e a continuación recoñecer que teño que ir axustándome á realidade física e ir deixando actividades que requiren atención, dedicación e traballo para o que as forzas físicas me van faltando.

Despois das miñas obrigas como sacerdote en diversas parroquias do Concello de Begonte, a miña maior dedicación foi o Belén Electrónico, atendendo tanto o esencial aspecto relixioso como o cultural e social, que teñen feito a esta terra punto de referencia do Nadal e do belenismo, e propician o nome de «Begonte do Belén» para un concello que vive o Nadal como o tempo especial que para todos nós é, por tradición e por fe, e que desexo siga consolidándose no futuro.


Neste momento, teño que dar grazas a todos os que contribuíron a tanta ledicia, tanta atención, tanta devoción. Grazas que xa formulei ao inicio ao Señor por ternos da súa man e propiciar canto aquí se puido facer; grazas a todos os que crearon o Belén, que o impulsaron e cuidaron, con especial mención ao creador, o noso Varela; e ao inspirador, meu irmán José; grazas ás institucións que apoiaron as nosas iniciativas, especialmente a Xunta de Galicia e o Concello de Begonte; grazas aos que compren-

deron e axudaron a soste as nosas accións; aos educadores e aos alumnos; aos creadores literarios e artísticos, músicos e cantores... Aos pregoeiros, xurados, premiados... Aos incontables visitantes de varias xeracións que cada ano veñen ao Belén. E aos begontinos que teñen o Belén como algo propio, representativo dun xeito de ser e de sentir.

E, despois do agradecemento, que por moito que diga nunca poderei expresar con precisión, teño que dicir que o meu labor a prol do Belén e do Nadal, foi tamén un exercicio de amor fraternal, continuando o traballo iniciado polo meu irmán José, sempre co apoio de miña irmá Milagros, os dous xa no seo do Señor.

E, co total agradecemento á inmensa familia do Belén, quero sinalar que isto non é un adeus senón un ata sempre. Retírome da acción, pero quedome na fe, na compañía, no ánimo e na ilusión. Que, ben pensado, ese é o noso Belén: fe, compañía, ánimo e ilusión, que agardo e desexo que o animen, e nos animen sempre.

Que a vida do Belén sexa unha permanente «Alba de gloria», que nos inspire, nos acompañe e nos conforte sempre.

A handwritten signature in black ink, reading "Jesús Domínguez Guizán". The signature is written in a cursive style and is enclosed within a large, loopy circular flourish that extends across the width of the text.

*Jesús Domínguez Guizán,
Presidente do Centro cultural
José Domínguez Guizán*



POESÍA

XLVII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co fin de potenciar o espírito do Nadal e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o XLVII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
6. A remisión de orixinais farase ao correo electrónico info@belendebegonte.es, en dous arquivos: Un, co traballo poético a concurso, e outro, identificado como «Plica», co título do traballo, no que figurarán os datos persoais do/a autor/a, que só será aberto no caso de resultar premiado o traballo con algún dos premios instituídos ou coas mencións que, no seu caso, acorde conceder o Xurado.
7. Quen desexe entregar persoalmente o seu traballo, ou remitilo por correo certificado, pode facelo ao Centro Cultural convocante, antes das 12,00 h. do 6 de xaneiro de 2023.

BASES

FALLO DO XURADO DO XLVII CERTAME DE POESÍA «BEGONTE E O NADAL»



Reunido o xurado do XLVII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL, convocado polo Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, formado por JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, presidente do Centro convocante; XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO, escritor e XULIO XIZ RAMIL, xornalista, acordan emitir o seguinte fallo:

- *PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ao poema «O BELÉN QUE NAMOROU BEGONTE», do que é autor Antonio Calvo López, residente en Lugo.*
- *SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, concedeuse ao poema «NAVIDAD», do que é autor Juan Lorenzo Collado Gómez, de Albacete.*

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

FALLO DO XURADO



ANTONIO CALVO VARELA

Licenciado en Filosofía e Letras pola Complutense de Madrid, ensinou Filosofía en institutos de Madrid, Viveiro e Lugo, e foi Director do Instituto de Viveiro e xefe de estudos de nocturno do Instituto «Nosa Señora dos Ollos Grandes» de Lugo.

Xa Catedrático de Filosofía, exerceu no Ies «Lucus Augusti» de Lugo e foi xefe de estudos e secretario do Ingabad (Instituto Galego de Bacharelato a Distancia). De 1991 a 2005 foi delegado provincial en Lugo da Consellería de Cultura e Xuventude/Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia.


Escrebe poesía, e un amigo presentou no seu nome un poema ao Certame poético de Begonte, conseguindo así o seu primeiro premio literario.

O Belén que namorou Begonte

Belén, unhas montañas, un val e un río;
aló, ao lonxe, vai frío.
Xentes de hoxe agardan
algo anunciado
en tempos pasados,
namentras que alguén
daquel luga
dedica o seu facer
a desbrozar e a fabricar
e a conxugar o seu esforzo
co veciño e compañeiro
desde ben mozo.
Mais trala precisa harmonia
das esceas bule-bule na aldea
hase cumprir a promesa
que representa o Nadal.
E así acontece ano a ano
dende fai cincuenta xa,
no Belén do Xudá galaico:
un neno recén nado,
un pai vello, e unha nena que espera
porque aceptou ser fidel a Deus;
unha viaxe de obriga,
unha noite escura nun refuxio
cheo de vida e falto de comodidades,
con boi e mula
e moita espera.

Esceas dun día calquera
con fases de lúa e remilgos do sol;
e algo máis acó,
homes que dedican a vida
a manterse vivos
coidando rebaños de ovellas;
peixes que xogan co anzol do pescador;
artesáns zoqueiros,
muiñeiros que fan do trigo en grao
fariñas pra facer pan;
galiñas que empoleiran
cando o sol se agocha tras da montaña;
camiñantes eximios
que buscan a ruta feita por unha estrela;
ferreiros que aluman o despuntar do día
e coas chispas da forxa
fan dos ferros o seu vivir;
alfareiros que fan co barro
enxoval e louzas.
Todo está aquí, nesta sala
feita de amor e humildade
alumeada co resplandecente escintilar
de lóstregos e rebumbios do celeste orbe
que limita co teito telar,
afeito ao retumbar sincrónico
da hora exacta de cada día
e previos á choiva milagreira

na que frorecen louvanzas
e pregarías ao noso Deus feito neno.
Begonte, co seu belén,
fai máis fermoso o Nacemento
de Xesús.



JUAN LORENZO COLLADO GÓMEZ

Ten publicados 24 libros nas modalidades de poesía, relato e novela. Os dous últimos publicados son *Óxido Azul* (Premio do XXI Certamen de Poesía Ángel Urrutia Iturbe, Lekunberri - Navarra, en outubro de 2022) e *Malas* (Poemario escrito xunto con Julia Flores e publicado por Uno Ediciones en setembro de 2023).

Foi premiado nas modalidades de relato, microrrelato, poesía, novela e teatro, entre outros, nos seguintes certames: Cafetín Croché, en San Lorenzo del Escorial (Madrid); Cuentos de la Granja, en La Granja de San Ildefonso (Segovia); Premio Flor Natural de Poesía, en Castellón; Premio «Amantes de Teruel» ao libro de poesía, Premio de Poesía Virgen del Carmen - Armada Española (Madrid), Ciudad de Marbella (Málaga), Villa de Torre Pacheco (Murcia), Lenteja de Oro de la Armuña, en Parada de Rubiales (Salamanca); Casino de Pamplona, Ciudad de Mula (Murcia), Premio de Relatos de Soho Boutique Hotels, Platero no Departamento de español da ONU, en Ginebra - Suiza e o Lincoln-Martí, en Miami - EE.UU.

Navidad

Otra vez el invierno.
Con él ha llegado la Navidad
y en Belén vuelve a nacer Jesús
con la nostalgia del tiempo
y un puñado de olvido,
entre luces de colores
y la sonrisa del Niño,
que parece cansado de ser niño
como su madre de tejerle
una manta o su padre de sujetar un bastón
en el que se apoya el viento.

Ha vuelto la Navidad.

Otra vez, como un ascua eterna
que cuelga en el llanto de los sauces
las bolas de colores.

La Navidad

es un deseo colocado sobre el frío,
una voz entre la niebla espesa,
el espacio donde guardar los latidos
de corazones demasiado apresurados.

Vuelven los villancicos, las luces,
los parabienes y un viejo portal que cada año
vuelve a ponerse en pie sobre nuestros corazones.

Hay que darle otra oportunidad
a la Navidad, a los pastores y a los necesitados.
a los rebaños de ovejas y a los perros
callejeros, a los hogares humildes
de comida escasa y hielo entre los dedos.

Que entre las figuras del belén
lleve el río la ilusión de las primaveras.
Bautizado de aves hoy vuelve
a nacer Jesús, arropado de tiempo
y recuerdos que corren por las almenas
del corazón.

Begonte es la herencia de todas esas cosas
pequeñas que se ponen en un belén
sujetas a sus figuras.

Begonte es tradición hecha en la rueca
de la constancia, la ilusión y el trabajo
de historias que lleva el aire
entre los rincones de su belén.

Begonte es Navidad, silencio de horizontes
al paso de una estrella errante y tres reyes,
el sonido de la pandereta
y un suspiro hecho con olas del océano.

Begonte tiene olor a campo,
a las aves que retornan en primavera,
a poesías de amor,
a la hierba recién cortada,
a un belén.

Begonte es un puñado de sueños irrepetibles
lluvia en una tarde de diciembre,
la tradición,
las vidas de las figuras de un belén
donde nace el Niño un año más.
Recuerdo a mi madre en casa
poniendo las figuritas del belén.

Le gustaba poner la estrella y el Niño
siempre al final.
La recuerdo caminando por las calles del pueblo
cogido de su mano.
Mirábamos las figuras de los belenes
y a mí también me arrastraba el agua
de un río hecho con papel de plata.
Los belenes me recuerdan otro tiempo,
cuando éramos niños
y la ilusión era la reina de corazones.
Si pudiera escribir en cada
palmo de la piel del tiempo,
tendría sabor a cerezas y dátiles,
a las imágenes guardadas en la nostalgia.
En el belén siguen las figuras
en su lugar y vuelven a moverse
repitiendo su ir y venir de siempre.
La estrella regresa para anunciar que nace
Jesús en un pesebre.
También retornan los pastores
y el agua del río
para dejarnos llevar por su corriente
al tiempo de la niñez.

sanal para le...
ousas da vida, cheo de a...
universais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e
ia.
arredor é tamén un
ropicio para que a
da á ledicia arte.
riva medre e
mas
mas
sua, a
parpadexa...
ata o antencer du...
no que se aviva a ch...
vida e do traballo corián.
Nunha xuntanza do gra...
os protagonistas do gra...
ro pleno: Os Re...
arón do Neno Deus,
ria e S. Xosé, e
nde viaxe...
ñas un...
arm

PRENSA

XLVII CERTAME DE XORNALISMO «BEGONTE E O NADAL»

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da XUNTA DE GALICIA, e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o XLVII CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL» que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Pode tomar parte neste certame quen publique, en calquera xornal, revista ou en Internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos nos que se faga referencia ao Nadal en Begonte e en xeral ao Nadal en Galicia.
2. Concederanse os seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
3. A remisión de orixinais que se presenten ao Certame, hase de facer ao correo electrónico info@belendebegonte.es, antes das 12,00 horas do día 6 de xaneiro de 2023, indicando os datos do/a autor/a. A cada envío seralle acusado recibo polo mesmo medio.
4. Quen desexe entregar persoalmente o seu traballo, ou remitilo por correo certificado, pode facelo ao Centro Cultural convocante, no prazo que se indica.

BASES

FALLO DO XURADO DO XLVII CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL»



FALLO DO XURADO

En Lugo, reuniuse o xurado calificador dos traballos presentados ao XLVII Certame de Xornalismo sobre o Nadal, convocado polo Centro cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN, impulsor do Belén electrónico de Begonte, formado por: JAVIER ARIAS FOUZ, Delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo; JOSÉ ULLA ROCHA, Alcalde de Begonte; JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, presidente do Centro Cultural convocante; BLANCA PACÍN SOMOZA, Bibliotecaria; XULIO GIZ RAMIL, xornalista e JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, secretario do centro cultural convocante, acordan conceder os seguintes premios:

- Premio BEGONTE de xornalismo, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ao traballo titulado CALADAS MENSAXES GORECIDAS NO BELÉN DE BEGONTE, do que é autor Santiago Rodríguez López, residente en Bristol (U.K.), publicado en www.galiciadigital.com
- Segundo Premio, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, ao traballo AS ZOCAS DA ESPIRITUALIDADE EN BEGONTE ESTÁN, de Pepe Pol, de Montefurado (Quiroga), publicado en www.galiciadigital.com

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Gómez



SANTIAGO RODRÍGUEZ LÓPEZ

Fillo de emigrantes galegos, naceu en Barcelona en 1971. Licenciado en Bioloxía e doutor en Xenética pola Universidade de Santiago de Compostela, traballa como Profesor Titular na Universidade de Bristol (Inglaterra) desde 2006. En 2018 inicia a súa traxectoria como autor literario, publicando na Biblioteca Virtual de Galicia Dixital catro obras arredor da vida e obra do seu pai, o escritor de Paradela Manuel Rodríguez López: *En torno á parábola das cereixas de Xulio Xiz* (2018), *Poemas Populares Galegos. Edición especial 50 aniversario 1968-2018* (2018), *A Paradela de Manuel Rodríguez López* (2019), e *Exposición Itinerante Manuel Rodríguez López 2013-2020* (2020) (co-autor xunto a Antonio Giz), así como tres relatos: *Turbulencias curriculares* (2019), *Dos parábolas de amor* (co-autor xunto a Mary C. Otero Rolle) (2020) e *Sintiendo lo que fui* (2021). Este é o seu terceiro premio literario no Certame Xornalístico «Begonte e o Nadal».

CALADAS MENSAXES GORECIDAS NO BELÉN DE BEGONTE

Hoxe, 29 de outubro, visitei o Belén de Begonte ás once e media da noite hora inglesa. Tiña saude del. Non tardei moito tempo en poder ollalo na súa plenitude. Un click para abrir a carpeta dos meus ligazóns favoritos, e outro click para seleccionar o que pon en maiúsculas «BELÉN DE BEGONTE», foi o que precisei para comezar a somerxerme na súa fermosa e máxica sinxeleza. Unha sinxeleza máxica que transmite calidades capaces de facer que trunfen o amor e a paz, tan necesarios nestes tempos convulsos.

Certamente é unha ledicia, e unha sorte, poder visitalo virtualmente a calquera hora do día, tódolos días do ano, polo mundo enteiro, e con visita guiada en galego, castelán e inglés.

Cada vez que o visito, experimento, xunto a el, novas ideas e sensacións. Coa súa electrónica sincronía, lévame por vieiros familiares e por outros nunca antes tripados polo meu corazón. Son sendas que amosan vivencias enxebres reais, historia vivida polos nosos antergos, lembranzas de tempos idos, sentimentos tan fondos como as raíces da nosa esencia, sementes de futuros ventureiros, febles gromos de esperanza que posúen a potencialidade de transformarse en sólidos porvires... É, por riba de todo, mensaxes nas que o amor, a fraternidade, a fe e a paz, son protagonistas indispensables e necesarios para acadar a felicidade que tanto desexamos para nós e para os demais.

Hoxe fixo voar a miña imaxinación cara espazos de ledicia construídos con palabras coloreas-

das pola música verdadeira que saboreamos nos nosos mellores sonos.

Hoxe abriu portas que conectan dimensións descoñecidas, alleas ás distraccións que nos preocupan e ocupan a meirande parte do noso tempo.

Hoxe crin observar, coa difusa lente da miña imaxinación, que o Belén e Begonte agocha moito máis do que exhibe. Presinto que quizais posúe un secreto codificado nos electrónicos movementos das súas figuriñas. Se cadra, o Belén está completamente impregnado de innumerables mensaxes invisibles. Algunhas das mensaxes serán anónimas, outras compartidas. Todas elas, depositadas nel polos milleiros e milleiros de persoas que o levan visitando ó longo de máis de medio século.

Comecei a matinar nestas mornas ensoñacións cando estaba sentado diante do meu ordenador. Despois deixei levar da man delas, e artellei cavilacións pretendendo adiviñar algunhas das mensaxes agochadas ó longo e ancho da largacía extensión da paisaxe chairega que o noso Belén tan ben representa.

A atención fôiseme cara os dous homes que estaban serrando un tronco caído. Con cal linguaxe calada estarían a falarnos? Podería ser que o inaudible ruído producido polo seu sincrónico silencio non fose tal? E se, de feito, un constante murmurio estivese enchendo a calada escena que representan? Estaría, o continuado rumor, producido por imperceptibles conversacións entre os dous labregos?

Quizabes as figuriñas dos serradores foron quedando embebidas por rebordantes sentimentos, pensados, falados ou escritos polos visitantes que ficaron inspirados polo seu movemento... Un día, Pablo Núñez sentiu e escribiu o seguinte: «a ver se eses dous homes seguen a serrar no toro no mesmo lugar». Por que non será certo que desde ese intre, esas dúas figuriñas do Belén ficaron enchoupadas con esa mensaxe, e que as palabras de Pablo pasaron a formar parte da súa memoria viva? De ser así, o mesmo puidera acontecer coas lembranzas compartidas por tantos e tantos visitantes, inspirados nalgún dos elementos que forman parte do Belén electrónico de Begonte.

Non hai dúbida que as imaxes, os sons, as mensaxes do Belén begentino levan sucados fondos regos de sentimento nas memorias dos que o visitan. Seica algo así lle aconteceu a José Reinaldo Pol García (Pepe Pol). Ben claro o conta cando escribe: «todo estaba gardado no espello da miña memoria, todos os detalles daquel Nacemento: serradores, os reis magos, lavadeiras, o fume, a néboa, os zoqueiros, a Sagrada Familia...».

Tal vez, a poética reflexión de Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero): «pode que a neve pouxada nos prados sexa fariña miúda ou relón», reside por sempre nas nevadas leiras do noso Belén, xunto coa fermosa descrición de María Guillermina Mosquera Sánchez: «axiña neva docemente no cumio as montañas, a brancura coloreia a paisaxe».

Con elas deben habitar tamén as palabras de Fiz Vergara Vilarino: «poñíase o chan nevado e amencía ó lonxe ata facerse todo claridade outra vez máis», en compañía coa versificada explicación de Manuel Rodríguez López sobre o motivo da nevada paisaxe begontina: «os ventos do Cordal / e os da Cova da Serpe / repican muiñeiras / e alboradas de neve».

Entre os visitantes do Belén, hainos moi observadores. Seica un día «un dos nenos observara que nun abrir e cerrar de ollos un anxo voara lixeiro para situarse xustiño a carón dunha lavandeira velliña que sofre mareos e podía caer no río ó inclinarse». Diso decatouse outro bo observador, Xosé Manuel Carballo. El foi quen o deixou escrito. Eu non dubido que, dende entón, a velliña lavandeira garda agradecida lembranza cara o anxo salvador, e afánase ben para dala a coñecer incesantemente a todos os que a poidan ouvir.

Por que non ha ser verdade que os pensamentos compartidos co noso Belén perduran con el por sempre e para sempre?

Por que imos dubidar que o sentir falado de Xulio Xiz, inmortalizado no vídeo do Belén, pasou a forma parte permanente das figuriñas do «pescador que tenta sacar a troita do río, dos cortadores de árbores que loitan contra un que se resiste, dos soldados de Herodes que patrullan no castelo»?

E por que non será certo que o sentimento de Xosé Román Escourido Basanta vive e vivirá sempre «nos serradores que, con moita pacencia,

facían o seu traballo sen parar nin un chisco», nos «carpinteiros que estaban a conversar unha longa historia», nas «lavandeiras que se miran nas augas que podían ser as mesmas do Ladra»?

Quen sabe cantas lembranzas de tantas xentes quedaron impregnadas nas figuriñas do Belén, nos seus movementos, durante o barullar da actividade, en cada silencio. Como dubidar que cada visitante debeu deixar a súa pegada en distintos elementos do Belén? Desde os Reis Magos ata as casas de cantería. Desde o castelo de Herodes ata o fertilizante río que escorra enchoupando as entrañas da paisaxe chairga. Desde os raios que fenden o ceo da Terra Chá ata os humildes labregos de Begonte. Desde cada movemento automatizado ata tódolos silencios. Desde a música do Nadal ata a neve que quenta co seu branco manto a terra que viu nacer ó Neno-Deus.

O neno Xesús é quen, sen dúbida, esperta, espertou e espertará o meirande sentimento compartido. De todo o Belén de Begonte, as figuriñas do Nacemento no pesebre son as que atraen a maior parte dos pensamentos das persoas que visitan o Centro socio-cultural Xosé Domínguez Guizán. Un destes pensamentos foi composto polo peito lírico de Xosé Otero Canto: «o boi e a mula acanean a testa / e bótanlle ao neno ispidiño / seu bafo mol e quentiño; / entrementes na cesta / dorme o malpocadiño». Cantas outras mensaxes anónimas estarán a arroupar ó noso Redentor, á Virxe María e a San Xosé? De seguro que a Sagrada Familia

do Neno-Deus escoitou, e veuse anegada, polas verbas de Xesús Mato cando falou «do Deus Amor, que se fai Home, na sinxeleza dun Neno, pobre, desvalido e indefenso, que chega ao noso Mundo a compartir Vida connosco por amor á Humanidade que prometera e anunciaran os profetas». A mensaxe de Mato coincide coas palabras e os feitos dos irmáns Xosé e Xesús Domínguez Guizán, quenes, conscientes da importancia de transmitir a mensaxe sagrada, crearon e impulsaron un Belén en Begonte máxicamente construído polo chorado José Rodríguez Varela e feito unha realidade permanente grazas ó traballo dun selecto grupo de mulleres e homes bos e xenerosos.

Debían ser as dúas da mañá, hora galega, cando rematou a miña ilusionante fantasía e espertei na realidade que estou a vivir. Hoxe sentínme moi preto do Belén, pero vivo afastado fisicamente del por milleiros de quilómetros. Neste mesmo intre, as súas figuriñas agardan con paciencia a que chegue o mes de decembro para retomar a súa actividade, tras un ano de espera. Entrementres, os seres humanos seguimos coa nosa teima de sementar o mal e crucificar a bondade. De entre todas as guerras que hoxe mesmo están a matar futuros e esperan-

zas, unha delas podería destruír a humanidade tal e como a coñecemos.

Eu sigo mirando a pantalla do ordenador. Nela vexo dúas páxinas web rebordantes de esperanza. Unha delas, <http://www.belendebegonte.es/belenvirtual> dime, sen falar, que non é preciso esperar a decembro para visitar o Belén de Begonte. Que non temos que agardar a que chegue o Nadal para lembrar que o Neno-Deus está a morrer na cruz por nós, e que El é o exemplo a seguir para que trunfen a paz e o amor no mundo. Podemos e debemos facelo todos os días.

A outra, <http://www.belendebegonte.es/obras>, é un continuo manancial de sentimento escrito polos premiados nos certames de poesía e xornalismo de Begonte. Penso estar no certo ó imaxinar que as súas palabras anegan de mensaxes ó Belén físico, xunto con tantos outros pensamentos anónimos sentidos polos visitantes que levan peregrinando ó Begonte do Belén ó longo de máis de cincuenta anos.

Este Nadal, se non hai ningún contratempo, penso visitar o Centro socio-cultural Xosé Domínguez Guizán para desfrutar do Belén electrónico de Begonte en persoa e, de paso, para tentar interpretar algunha máis das caladas mensaxes que viven gorecidas nel.



JOSÉ REINALDO POL GARCÍA (PEPE POL)

Profesor e escritor, ten publicados varios libros de poesía e prosa, e organiza anualmente os Encontros Poéticos na Vila de Quiroga. Colabora asiduamente en diversos medios e ten conseguido numerosos premios, tanto de xornalismo como cos seus alumnos polos traballos realizados nas clases.

Aínda non sendo galego de nacemento, é un entusiasta da cultura galega, e tódalas súas actividades xiran arredor de Galicia, constituíndo un referente de impulsión cultural no sur da provincia de Lugo

Recentemente, ten conseguido unha vintena de distincións e recoñecementos en Latinoamérica, entre elas as de:

- Finalista en Certames literarios en USA (Sobre a paz), Ecuador (Certame internacional Aquilandia de poesía), Venezuela (Certame Literario de Poesía) e Santiago de Chile (Relatos sobre o Camiño de Santiago).

- Mención de Honra en México (Certame Literario sobre o acoso), Rocha-Uruguay (en dúas modalidades do Certame de poesía), Chile e Arxentina.

- Terceiro premio do Certame de Cartas de amor en Santiago de Chile.

AS ZOCAS DA ESPIRITUALIDADE EN BEGONTE ESTÁN

(A esas zocas que representan a tradición cultural e espiritual da terra dos nosos antepasados e devanceiros, figuriñas do Belén de onte.)

Nun lugar do mundo, un sitio dos moitos onde a necesidade e pobreza son as raíñas, vivía unha neniña moi cativa, aínda que estaba vestida con farrapos e ‘As zocas da espiritualidade en Begonte están’ camiñaba descalza, sempre, antes de deitarse, oraba pidindo que no orbe tod@s tiveran cubertas as súas necesidades vitais.

O seu pai que non era crente dicía:

—«Nena, menos rezo e máis traballo, soamente este é o xeito para obter comida.»

A pequerrecha carecía do colo e dos brazos agarimosos dunha nai onde refuxiarse porque a súa nai morreu de fame un día. Choraba coa tristura que supón ver co pai soamente desexaba ca súa infancia fora de sacrificado traballo cando debería estar vivindo a máis abraiante fase da vida, a nenez. Un día, cando viña cun cantariño de auga que traía dun pozo que estaba moi afastado da aldea onde vivía, nunha retorta do camiño, atopou un vendedor ambulante que traía o seu burriño cargado de artigos para vender. Intercambiaron saúdos e o comerciante itinerante así falou:

—«Rapaciña, vexo que eres moi probe materialmente pero, nas túas esperanzadoras verbas tamén tendo que tes a maior das riquezas, os valores de cooperación e solidariedade. Por iso, desexaría que algún día se fagan realidade os teus sonos. Di, cales son?»

A neniña, ollando cara os ollos do viaxeiro, contestou:

—«Señor, non teño cartos para mercarlle nada das cousas que leva e, ademáis eu desexaría iso que non hai moedas para poder adquirilo.»

Volve a preguntar o mercader:

—«Qué queres?»

A pobriña rapaciña di:

—«Aínda que parece que ando descalza, o peor é que o meu pai, que ten unhas vellas alpargatas, está espido de relixiosidade. Gustaríame que este vindeiro Nadal, isa que chegará dentro dun mes, os Reis Magos trouxeran a nosa cabana a felicidade de que o meu proxenitor atopara a fe. Pero vostede non é capaz de facer ese miragre, verdade?»

O vello viaxeiro responde:

—«Eu non son menciñeiro nin santón, pero nacín nun lugar onde somos dunha madeira de grande humanidade e relixiosidade. Ves estas zoquiñas pequerrechas que levo nos seróns do burriño, elas son fundamentais para facer un camiño moi especial.»

A nena contestou:

—«Son moi riqiñas, señor».

O vendedor prosiguiu falando:

—«Eu son galego, concretamente de Terra Chá, de Begonte nas terras luguesas.

Parando de falar, colle as zoquiñas e di á pequena:

—«Non soamente daquela lámpada de Aladín saen cousas abraiantes. Estou seguro de que estas zoquiñas, aínda que os ollos humanos non

poden percibilo, teñen cousas moi abraiantes. Cando chegue o primeiro fin de semana do mes de decembro, pídlle a elas dous desexos, e na Noiteboa terás un e o día de Reis chegará o outro. Tendo as botas nas túas mans arroupadas preto do teu peito di:

«Señor, que as zocas de Begonte, que son as que cubren os pés do Belén de Begonte, sempre axuden a camiñar ás persoas de ben. Neste Nadal pidovos...»

Cando as manciñas da cativa tomaron as botas, a neniña chorou de fonda emoción. De pronto, unha néboa moi densa cubriu todo o terreo durante uns intres, e cando volveu a despexar esa bruma, xa no atopou xunto dela aquel viaxeiro. Desapareceu do mesmo xeito misterioso que apareceu.

Despois de andar e andar, chegou a súa casaña co cantariño de auga e as zoquiñas.

O pai soamente dixo:

—«Tardaches bastante. Había moita xente no pozo?»

A nena respondeu:

—«Non, pai, é que no camiño atopei un viaxeiro con quen falei e agasalloume con estas zoquiñas.»

O proxenitor, encollendo con desprezo os ombreiros, exclamou:

—«Bah, paparruchadas, mira, como non che deu comida ou cartos. Para que queres unha cousa que non serve para utilizar. Hai que ser prácticos!»

A nena foise a un recuncho da casaña, pois soamente había unha dependencia, sentouse

nunha vella cadeira e suspirou con fonda tristura.

Estivera onde estivera, sempre tiña no seu peto aquelas botiñas, pero xa a ninguén falou delas. Pasaron os días e chegou o primeiro fin de semana de decembro. Entón, lembrando as verbas do descoñecido, colleu as zoquiñas e dixo con voz agarimosa:

—«Zoquiñas do Belén de Begonte, facede que o meu pai sexa crente e que poidamos cunhas como estas percorrer o mundo e chegar ata ti, Belén de Begonte, para ver e vivir a túa luz de espiritualidade».

Dúas veces repitiu esta petición. Cando chegou Noiteboa, para sorpresa grata da muchacha, viu como o seu pai, ao sentarse á mesa para comer o pouquiño que había nela, daba grazas a Deus e rezaba. Foi moi grande a ledicia da rapariga quen abrazouno berrando:

—«Primeiro agasallo das zocas de Begonte. Que ledicia!»

Cando chegou a noite de Reis, o pai comentou:

—«Filla, como somos tan pobriños, os Reis Magos pasarán cos seus camelos de largo, como pasou outros anos.»

A filla contestou:

—«Meu pai, agora nesta casa ti tamén eres crente e pode que deixen algo.»

Aquela noite de sonos, a pequena non conciliaba o seu porque pensaba se podería ir a Begonte. Á mañá cedoño, ao primeiro canto dos galos, abriu a porta e alí, xunto no umbral, había unha grande e bonita sorpresa.

A cativa comezou a berrar:

—«O meu pai, o meu pai, mira isto que deixaron os Reis Magos!»

Saíu o home e quedou abraiado, pois na porta da casa había dous pares de zocas, unhas do número que calzaba el e outra do da nena. Cada un colleu as súas e dentro atoparon as seguintes notas que leron en voz alta.

A dirixida ao adulto dicía deste xeito:

—«Para que estas zocas begontinas podan darche saúde, traballo e felicidade, tes que facer con elas o camiño para chegar ao Belén Electrónico de Begonte, ese que leva cincuenta anos proxectando as luces celestiais nesta Galicia, se non é así, doutro xeito mancarán sempre os teus pés e, o peor, o teu corazón estará sumido na máis profunda tristura.»

A que leu a neniña era ista:

—«Pequena, mira os teus pés, xa levas postos uns zapatos bonitos para facer o itinerario ata Begonte pero, unha vez que pises Terra Chá, debes calzar as outras, pois soamente isas son para percorrer as 19 parroquias begontinas e logo chegar a esa praza dos «Irmáns Domínguez Guizán» onde están as zocas da plena felicidade que abren as portas dese inesquecible e abraiante belén. E eiqui noutro papel tes o plano para guiarvos. Será todo como un sono, un abrir e pechar de ollos.»

Cando remataron de ler as notiñas, pai e filla fundíronse nunha aperta, tan empcionados estaban que pecharon as súas pálpebras e, pasados uns intres, abriron os seus ollos para comprobar que

sorprendentemente estaban ante un cartel indicador que dicía: «Begonte a 25 Km». Non tiñan verbas para expresar a súa grata sorpresa. Calzou o proxenitor as zocas e comezaron a camiñar. Cando viron que ian pisar chan begontino fixo outro tanto a neniña. Percorreron as aldeas do concello e despois de ver en cada unha símbolos en madeira relacionados co Belén de Begonte chegaron á capitalidade e alí, na praza dos «Irmáns Domínguez Guizán», aí estaban unhas grandísimas botas e ao seu carón unha multitude de pelegríns que escoitaban as verbas de D. Xesús Domínguez Guizán e D. Xulio Xiz que así falaban:

—«Esta é obra de César Lorenzana Bargueiras, artista que traballa a madeira galega, unha réplica destas zocas están nas benditas mans da Súa Santidade, o Papa Francisco, por iso o Belén de Begonte é o sitio onde ninguén anda polos seus camiños descalzo de espiritualidade. O Camiño de Santiago ten neste concello as irrompibles botas que todos, tarde ou cedo, temos que calzar pois elas teñen a talla de tod@s, pero para usalas soamente hai que ser persoa de valores humanos, a fe fará o resto.»

Despois entraron a contemplar o Belén de Begonte, e ao remate o seu museo. Ao saír acercouse a eles o señor alcalde, D. José Ulla, e preguntou:

—«Veñen de moi lonxe?»

O home respondeu:

—«Vimos de tan lonxe que xa no sabemos onde é o noso lugar de orixe, porque eu sen ser cego era un invidente total e, grazas a luz portentosa deste Belén de Begonte, recobrou o meu corazón o seu latexar solidario. Pensaba que tiñan soamente que dar-me bens a miña persoa, esquecinme de que tiña eu moito que dar.»

A nena, mirando ao rexidor e ao sacerdote que estaba ao seu lado, dixo:

—«As zocas de Begonte percorren o orbe, pero cando os que chegamos de terras lonxanas pisamos Terra Chá, entón sabemos a auténtica verdade.»

Pasaron os anos e atopamos un día a aquela nena feita unha muller rezando no Belén de Begonte, por suposto que calzando unhas zocas coa terra desta chaira apegada a elas, e dicindo na súa plegaria:

—«Belén querido, as túas botas milagrosas e aquela aparición fixeron que hoxe sexa unha máis e, cando pretendimos marchar, delas saíu unha voz que dixo:

—«Quedarvos, xa o voso camiñar, despois de estar equi, non atoparía sitio ideal, pois en Begonte vívese sempre no Nadal. A pegada do Belén sempre nos corazóns permanecerá. As zocas da grandiosa espiritualidade soamente en Begonte están.»



EGERIA // **ABANCA**



Concello de
Begonte



**XUNTA
DE GALICIA**